




# A DEVESA DE NIMO


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 7 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 3 horas



Ruta acondicionada polo canón do Tambre

A Devesa de Nimo atópase na marxe esquerda do río Tambre, entre a central eléctrica e o concello de Brión. É un bosque atlántico ben conservado no que podemos atopar carballos, cerquiños, loureiros, acivros, avelairas, estripas, cerdeiras, maceiras silvestres, salgueiros, amieiras, freixos, sanguíños, érbedos, pereiras bravas e gran variedade de fentos, brións e fungos, coa súa fauna asociada.

O Río Tambre corre nesta zona encaixado nun canón de paredes graníticas no que hai rápidos e pozas e ao que caen pequenas fervenzas.

## COMO CHEGAR:

O punto de partida é Roo a onde se pode chegar desde Noia, pola estrada de Noia a Santiago collendo un cruce á esquerda a uns tres quilómetros, ou desde Pontenafonso. Séguese a estrada que leva ata a Central do Tambre (4,5 km) onde hai que deixar o coche. A ruta faise por un sendeiro acondicionado que segue o curso do río.



Nos rápidos do Tambre atópanse os restos de antigos **rodeiros** -onde se detiña a corrente e se aproveitaba para pescar lampreas, reos e salmóns- e **pesqueiras** onde se colocaban as redes para pescar lampreas.



Fervenza nun regueiro afluente do Tambre

